

IMAXINASONS

5º festival de jazz de vigo

25 XUÑO · 5 XULLO 2009

Concertos # Exposicións # Conferencias # Mesas redondas # Master-Class # Música na rúa

CHARLES LLOYD QUARTET "Rabo de Nube"
VIENNA ART ORCHESTRA

ANOUAR BRAHEM "Le Voyage de Sahar"
AGUSTÍ FERNANDEZ

RITA MARCOTULLI "Homenaxe a Pink Floyd"
FRED FRITH&LUCIA RECIO

ABE RABADE "Open Doors"

MIROSLAV VITOUS "Remembering Weather Report"
MARC DUCRET

O.M.E.G.A. Orquestra de Música Espontánea de Galicia dirixida por FRED FRITH
PEPE EVANGELISTA "Teima"

JOSETXO GOIA-ARIBE "La Orquesta Jamalandruki"
ANDREAS WILLERS

C.M.S. COLINA-MIRALTA-SAMBEAT
SANTIAGO DE LA MUELA JAZZ ORCHESTRA

OMAR SOSA "Afreecanos"
LUCAS NIGGLI "Big Zoom"

JACOBO DE MIGUEL&TOM RISCO
CARLOS LOPEZ "Last Minute"

NAPOLEON MURPHY BROCK-
LOW BUDGET RESEARCH KITCHEN
"Projecto Zappa"

Dossier

ORGANIZA

Departamento de Cultura do Concello de Vigo
Praza do Rei, 1 - 36202 VIGO
Tlf: 986.810.239; fax: 986.228.438; correo: ofi.cultura@vigo.org

Concelleiro da Área de Cultura e Animación Sociocultural
Xesus López Carreira

Xefe do departamento de Cultura
Ignacio Oliveira López

Coordinación e Xestión do Festival
Marta Núñez Aboy

Dirección artística do Festival
Baldo Martínez Campoy

PATROCINA

CAIXANOVA
Consellería de Cultura e Turismo. Xunta de Galicia

INFORMACIÓN XERAL

www.imaxinasons.com

www.vigo.org

Servizo de atención cidadá: 010 (dende móbil ou fóra de Vigo 986.810.260)

Horario: de 8 a 20 h. de luns a venres, de 10 a 14 h. os sábados

VENDA DE ENTRADAS

www.caixanova.es / 902.504.500

- **ABONOS:** venta de abonos para os tres concertos do Centro Cultural Caixanova: do 5 ao 31 de maio
Prezos: Butaca: 30,60 €; 1º anf: 28,05 €; 2º anf: 25,50 €; 3º anf: 22,95 €

- **Venda anticipada de entradas individuais:** a partir do 1 de xuño
Prezos: MARCO: 2€
Teatro Salesianos: 3 €,
Centro Cultural Caixanova Butaca: 12 €; 1º anf: 11 €; 2º anf: 10 €; 3º anf: 9 €

- **Venda de entradas no mesmo día dos concertos,**
nos despachos de billetes da sala do concerto (no caso de non agotarse na venda anticipada)

- **Entrada Libre** ate completar aforo, nas seguintes salas:
Auditorio "Martín Códax" do Conservatorio Superior de Música.
Ciclo "Jazz na noite": Pub Quomo, XancaraJazz e Contrabajo
Mesa Redonda/Conferencia no Marco
Praza do Rei

ÍNDICE

Presentación	4
Programa	5
Fichas de artistas.....	9
CHARLES LLOYD QUARTET - “RABO DE NUBE”	10
JACOBO DE MIGUEL & TOM RISCO “DÚO”	11
RITA MARCOTULLI “HOMENAXE A PINK FLOID”	12
JOSETXO GOIA-ARIBE “LA ORQUESTRA JAMALANDRUKI”	13
ANOUAR BRAHEM “LE VOYAGE DE SAHAR”	14
O.M.E.G.A. ORQUESTRA DE MÚSICA ESPONTÁNEA DE GALICIA DIRIXIDA POR FRED FRITH	15
MIROSLAV VITOUS “REMEMBERING WEATHER REPORT”	16
FRED FRITH & LUCIA RECIO	17
AGUSTÍ FERNANDEZ	18
MARC DUCRET	19
CMS . COLINA-MIRALTA-SAMBEAT	20
NAPOLEON MURPHY BROCK - LOW BUDGET RESEARCH KITCHEN “PROJECTO ZAPPA” ..	21
ANDREA WILLERS “MONTAUK”	22
PEPE EVANGELISTA “TEIMA”	23
SANTIAGO DE LA MUELA JAZZ ORCHESTRA	24
LUCAS NIGGLI “BIG ZOOM”	26
CARLOS LOPEZ “LAST MINUTE”	27
OMAR SOSA “AFREECANOS”	28
ABE RABADE “OPEN DOORS”	29
VIENNA ART ORCHESTRA “THIRD DREAM”	30

FESTIVAL DE JAZZ DE VIGO “IMAXINA SONS”

Presentación

Ao asexo de novas propostas que amplien o abano de estilos da linguaxe do jazz, o festival Imaxina Sons chega á quinta edición. Desde 2005 na procura dos movementos e das innovacións no contexto europeo, peninsular e galego como trazo de identidade. Promovido polo Concello de Vigo, o Imaxina Sons, como o seu nome xa indica, xurdiu para sorprenden e arriscar, cunha filosofía propia e singular que provocou desde os seus inicios moitos parabéns e que o converteu nun punto de referencia do jazz peninsular. Lonxe da autocompracencia, Imaxina Sons medra para ofrecer en 2009 unha nova proposta de jazz, esa linguaxe de carácter indomable imposible de acalmar.

Atender as demandas das e dos afeccionados, servir como escaparate do jazz máis próximo e vanguardista, acadar a implicación da cidadanía e captar a atención da crítica especializada. Eses son os cimentos sobre os que naceu o Imaxina Sons. Consciente do trascendental camiño propio seguido polo jazz europeo grazas á incorporación de referentes propios, a organización do festival optou desde a súa orixe pola singularidade e pola contemporaneidade. Do frío nórdico á suavidade mediterránea. Da flegma británica ao sotaque do alén Miño. Da centralidade francesa ao ferreiro galego.

Cinco edicións do festival Imaxina Sons e cinco edicións tamén para o jazz feito aquí. Dentro do festival non constitúe un apéndice obrigado nin un apartado para minorías. O jazz galego dialoga na programación do festival en igualdade de condicións có resto das propostas chegadas de toda Europa porque Imaxina Sons non só acredita no jazz que se coce aquí, senón que é unha das súas razóns de ser. Non por proselitismo nin por chauvinismo gratuito; hai xa algúns anos que as audiencias do jazz ollan cara a Galicia grazas aos centos de músicos que teiman nesta aposta, ás escolas que fan canteira, aos clubs e institucións que o programan, aos festivais que o consolidan e, sobre todo, ao público que o segue cunha fidelidade e paixón extraordinarias.

Imaxina Sons propón jazz para o verán de Vigo. Na sala de concertos e na rúa. No teatro e na praza. Nomes imprescindibles para entender os novos roteiros desta linguaxe ousada compoñen unha programación de concertos e actividades complementarias que de seguro farán que esta edición sexa referencia obrigada para o público jazzeiro e a cidadanía en xeral. O festival quere celebrar con todos eles os seus cinco primeiros anos imaxinando e compartindo sons.

PROGRAMA

XOVES, 25 DE XUÑO

PASARRÚAS

22,00 h Concerto de inauguración: **Charles Lloyd Quartet - Rabo de Nube**
Teatro-Sala de concertos do Centro Cultural Caixanova.

00,00 h **CICLO "JAZZ NA NOITE"** Pub Quomo.

VENRES, 26 DE XUÑO

PASARRÚAS

20,30 h **Jacobo de Miguel & Tom Risco - Dúo**
Rita Marcotulli - Homenaxe a Pink Floyd
Auditorio "Martín Códax" do Conservatorio Superior de Música.

01,30 h **CICLO "JAZZ NA NOITE"** XancaraJazz.

SÁBADO, 27 DE XUÑO

PASARRÚAS

20,30 h **Josetxo Goia-Arribes - La Orquesta Jamalandruki**
Anouar Brahem - Le Voyage de Sahar
Auditorio "Martín Códax" do Conservatorio Superior de Música.

01,30 h **CICLO "JAZZ NA NOITE"** XancaraJazz.

DOMINGO, 28 DE XUÑO

PASARRÚAS

19,30 h **O.M.E.G.A - Orquestra de Música Espontánea**
de Galicia dirixida por Fred Frith
Auditorio "Martín Códax" do Conservatorio Superior de Música.

22,00 h **Miroslav Vitous - Remembering Weather Report**
Teatro-Sala de concertos do Centro Cultural Caixanova.

LUNS, 29 DE XUÑO

- 20,30 h **MESA REDONDA/CONFERENCIA**
Salón de actos do MARCO.
- 21,30 h Concerto solista: **Fred Frith & Lucia Recio**
Salón de actos do MARCO.
- 23,00 h **CICLO "JAZZ NA NOITE"** Contrabajo.

MARTES, 30 DE XUÑO

- 20,30 h **MESA REDONDA/CONFERENCIA**
Salón de actos do MARCO.
- 21,30 h Concerto solista: **Agustí Fernández**
Salón de actos do MARCO.
- 23,00 h **CICLO "JAZZ NA NOITE"** Contrabajo.

MÉRCORES, 1 DE XULLO

- 20,30 h **MESA REDONDA/CONFERENCIA**
Salón de actos do MARCO.
- 21,30 h Concerto solista: **Marc Ducret**
Salón de actos do MARCO.
- 23,00 h **CICLO "JAZZ NA NOITE"** Contrabajo.

XOVES, 2 DE XULLO

- PASARRÚAS**
- 21,00 h **CMS. Colina-Miralta-Sambeat**
Teatro Salesianos .
- 23,00 h **Napoleon Murphy Brock - Low Budget Research Kitchen**
Projecto Zappa
Praza do Rei.
- 00,30 h **CICLO "JAZZ NA NOITE"** Pub Quomo.

VENRES, 3 DE XULLO

PASARRÚAS

- 21,00 h **Andreas Willers - *Montauk***
Teatro Salesianos .
- 23,00 h **Pepe Evangelista - *Teima***
Santiago de la Muela Jazz Orchestra
Praza do Rei.
- 01,30 h **CICLO "JAZZ NA NOITE"** XancaraJazz.

SÁBADO, 4 DE XULLO

PASARRÚAS

- 21,00 h **Lucas Niggli - *Big Zoom***
Teatro Salesianos.
- 23,00 h **Carlos López - *Last Minute***
Omar Sosa - *Afreecanos*
Praza do Rei.
- 01,30 h **CICLO "JAZZ NA NOITE"** XancaraJazz.

DOMINGO, 5 DE XULLO

PASARRÚAS

- 19,30 h **Abe Rábade - *Open Doors***
Teatro Salesianos.
- 22,00 h Concerto de clausura
Vienna Art Orchestra - *Third Dream*
Teatro-Sala de concertos do Centro Cultural Caixanova.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

"IMAXINA NA RÚA"

Lugar: prazas e rúas da cidade.

Datas: sábados 6 e 20 de xuño.

Horarios: 11,30h, 13,00h, 17,30h e 19,30h.

Participan:

- 6 de xuño: Escola de Estudos Musicais A Tempo (Pontevedra)
- 20 de xuño: Escola Municipal de Música de A Coruña.

MASTER-CLASS

Conservatorio Superior de Música.

FICHAS ARTISTAS

FRED FRITH LÚCIA RECIO - ABE FABADE "Open Doors" - MIROSLAV VITOUS "Přemlouvání" - MARC DUCRET - O.M.E.C.A. Orquestra de Música Espontánea de Galicia dirixida por FRED FRITH - PEPE EVANGELISTA "Teima" - JOSETXO GOIA-ARIBE "La Orquesta Jamalandruki" - ANDREAS WILLERS - C.M.S. COLINA-AMALTA-SAMIRAT - SANTIAGO DE LA MUELA JAZZ ORQUESTRA - OMAR SOSA "Atravesando" - LUCAS MICALLI "Big Zoom" - JACOBO DE MIGUEL ESTIMOSO - CARLOS LOPEZ "Last Minute" - NAPOLEON MURPHY BROCK-LOW BUDGET RESEARCH KITCHEN "Projecto Zappa" - CHARLES LLOYD QUARTET "Rabo de Nube" - VIENNA ART ORCHESTRA - ANOUAR BRAHMI "Le Voyage de Sidi" - AGUSTI ERMIANDEZ "INA KANGCOTLU" "El momento a venir" - FRED FRITH LÚCIA RECIO - ABE FABADE "Open Doors" - MIROSLAV VITOUS "Přemlouvání" - MARC DUCRET - O.M.E.C.A. Orquestra de Música Espontánea de Galicia dirixida por FRED FRITH - PEPE EVANGELISTA "Teima" - JOSETXO GOIA-ARIBE "La Orquesta Jamalandruki" - ANDREAS WILLERS - C.M.S. COLINA-AMALTA-SAMIRAT - SANTIAGO DE LA MUELA JAZZ ORQUESTRA - OMAR SOSA "Atravesando" - LUCAS MICALLI "Big Zoom" - JACOBO DE MIGUEL ESTIMOSO - CARLOS LOPEZ "Last Minute" - NAPOLEON MURPHY BROCK-LOW BUDGET RESEARCH KITCHEN "Projecto Zappa" - CHARLES LLOYD QUARTET "Rabo de Nube" - VIENNA ART ORCHESTRA - ANOUAR BRAHMI "Le Voyage de Sidi" - AGUSTI ERMIANDEZ "INA KANGCOTLU" "El momento a venir"

Xoves 25 de xuño

Teatro-Sala de Concertos do Centro Cultural Caixanova, 22h.

Charles Lloyd Quartet *Rabo de Nube*

Unha das figuras máis queridas e respectadas do mundo do jazz, o saxofonista Charles Lloyd (Memphis, EUA, 1938), chega á quinta edición do festival Imaxina Sons de Vigo co seu máis recente proxecto, *Rabo de Nube* (ECM Records, 2008). Para a crítica estadounidense, a reaparición de Lloyd liderando un cuarteto con este novo traballo pon de manifesto dúas cousas: que con setenta anos o músico non perdeu o seu gusto pola experimentación e que esta formación é unha das mellores que ten liderado o saxofonista na súa longa carreira. O concerto que abre esta nova edición do festival reborda excelencia artística con cada un dos músicos que acompañan a un saxofonista con lenda de enigmático, en boa parte derivada do seu silencio fóra do escenario. Porén, sobre escena imparte unha lección de jazz das mellores.

En Cuba os tornados son chamados "rabos de nube" e así titulou o músico Silvio Rodríguez unha das súas cancións a finais dos anos setenta. Agora Charles Lloyd recolle o título como unha mensaxe da calma e paz, ao mesmo tempo que inclúe no disco unha versión do tema do cubano. A espiritualidade de *Rabo de Nube* reflíctese en temas como *Prometheus*, *Migration of Spirit*, no clásico revisitado *Sweet Georgia Bright* ou na exótica *Ramanujan*, na que o músico norteamericano descubre a súa mestría co tarogato, centenario instrumento de vento húngaro de son grave.

Ao ollar a vastísima lista de discos, concertos, colaboracións, proxectos ou festivais nos que Charles Lloyd ten deixado a súa impronta, un está ollando boa parte da historia do jazz feito en América. Ese papel fundamental aprézase xa cando neno, en Memphis, deixábase transportar para sempre ao terreo do jazz mentres soaban na radio Charlie Parker, Coleman Hawkins, Lester Young, Billie Holiday e Duke Ellington. De adolescente Lloyd exerceu de sideman para grandes do blues como Johnny Ace, Bobby Blue Bland, Howlin' Wolf ou B.B. King. Aos dezaioito anos deixou Memphis polos Ánxeles, onde durante o día estudaba música clásica e pola noite acompañaba nos clubs a músicos como Ornette Coleman ou Don Cherry. Ao longo dos anos sesenta dirixiu o grupo de Chico Hamilton, mergullouse na escena neiorquina colleitando a amizade doutros mestres como John Coltrane, Thelonius Monk ou Miles Davis e integrouse no Cannonball Adderley Sextet durante un ano antes de formar o seu propio cuarteto.

A partir daquel momento as revistas de jazz máis influíntes encúmianlo; son os anos nos que edita con Atlantic. Pasa por ser o primeiro músico de jazz en vender un millón de discos co álbum *Florest Flower*, gravado en directo no festival de Monterrei en 1966 cun Keith Jarrett de vinte anos ao piano. Tamén por ser o primeiro jazzman estadounidense que fai unha xira pola Unión Soviética con parada en Moscú un ano despois. A principios dos anos setenta retírase da primeira liña da música trasladándose a California e non será até dez anos despois cando un xove pianista italiano, Michel Petrucciani, o convenza para volver a gravar. Nos últimos vinte anos, e ligado á compañía ECM, gravou trece discos -nalgún deles como *Voice in the night* (1999) colaborou o seu amigo da adolescencia, o grande batería Billy Higgins- e continúa xirando por todo o mundo. India, Emiratos Arabes, Suíza, Alemaña, Francia, Turquía, Austria, Holanda ou Turquía, con chimpos trasatlánticos intercalados como o que o levou recentemente ao Carnegie Hall de Nova York co seu anterior proxecto *Sangam*. Esa é só unha parte do itinerario de Charles Lloyd en 2009, o que percorrerá antes de chegar á quinta edición do Festival Imaxina Sons de Vigo.

Charles Lloyd, saxo
Jason Moran, piano
Reuben Rogers, contrabaixo
Eric Harland, batería

Máis info:
<http://www.charleslloyd.com/>

Venres 26 de xuño

Auditorio "Martín Codax" Conservatorio Superior de Música, 20.30h

Jacobo de Miguel & Tom Risco - *Dúo*

Jacobo de Miguel, piano, e Tom Risco, vibráfono, recalcan que Dúo resulta de sumar dúas individualidades que levan anos desenvolvendo experiencias diferentes, mais que atoparon puntos de converxencia como a paixón pola música improvisada e certo gusto polo preciosismo. Os comúns denominadores entre o asturiano Jacobo de Miguel e o galego Tom Risco, -que poden apreciarse nun proxecto cuxa edición discográfica (Free Code, 2008) conta con oito temas propios e dúas adaptacións de Miles Davis (Solar) e de Freddie Hubbard (Up Jumped Spring) respectivamente-, son argumento de abondo para atreverse coa xuntanza de piano e vibráfono. Conscientes dos instrumentos que teñen entre máns e das posibles combinacións entre eles, os dous músicos amortecen o poder sonoro destes para conversar neste Duo de maneira equilibrada, sen solapamentos, deixando que cada un deles eclosione nos momentos de improvisación.

Os dous son músicos de formación clásica e, como habitantes do noroeste da península, séntense partícipes dunha corrente de interpretación europea, para eles crucial no desenvolvemento do jazz ao longo do século vinte. Non poden obviar a tradición americana e a influencia na súa música, pero Dúo é unha proposta de jazz que chisca o ollo máis dunha vez á música clásica. Unha proposta delicada e comprometida coa improvisación, que, desde a perspectiva da música de cámara, só se pode enmarcar, segundo os seus artífices, nas tendencias do jazz europeo.

Jacobo de Miguel, pianista de formación clásica, axiña centra o seu interese na música improvisada e no jazz. Actualmente é profesor na Fundación de Música Moderna de Avilés onde dirixe o Departamento de Improvisación e Jazz. Ten colaborado con Mathew Simon, Iñaki Askunze, Andreas Pritwitz, David Pastor, Israel Sandoval, Celia Mur, Marcelino Galán, Jurandir Santana, Alexandre Montenegro, Joaquín Chacón, Noah Shaye, Ciro Daniel Buono ou Goran Strbac. Entre as súas últimas gravacións, ademais de Dúo, atópanse Right Way Down, primer CD do trío do baterista neiorquino Ethan Winogrand coa participación do portugués Carlos Barreto no contrabaixo e Eye In The Sky Proyecto trío coliderado por David Casillas ao contrabaixo e Fernando Arias á batería. Actualmente prepara a gravación do CD do debut de Jacobo de Miguel Cuarteto coa participación de Roberto Somoza (saxos), Kin García (contrabajo) e Carlos López (batería) e do seu proxecto a dúo co gaitero-saxofonista Pedro Lamas.

Tom Risco, natural de Ourense, comezou a estudar batería e percusión da man de Fernando Martínez Risco en Ourense e, posteriormente, de Pedro López en Madrid. En 1999 é aceptado na Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia, e no Real Conservatorio da Haia (Holanda), onde estudará, ademais de batería e vibráfono, marimba, timpani, percusión orquestral, tambor de Basilea, percusión africana, etc. En 2004 licénciase en Percusión Clásica, dous anos máis tarde en Vibráfono de Jazz. Colabora con grupos e artistas tan diversos como Cristina Pato, Xosé Manuel Budiño, Serge Rogalski Quintet, Alfonso Morán, Guadi Galego, Roberto Somoza, Il Dolce Fare Niente, Cornelius, Angelica Seyfrid Project, Orange, entre outros. É membro fundador de Odaiko Percussion Group, unha proposta orixinal de percusión que comparte con Juan Collazo, Roberto Oliveira e Antonio Ocampo. Como Jacobo de Miguel, tamén exerce a docencia; no seu caso como profesor de percusión no Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela.

Jacobo de Miguel, piano
Tom Risco, vibráfono

<http://www.myspace.com/jacobodemiguel>
<http://www.myspace.com/tonrisco>

Venres 26 de xuño

Auditorio "Martín Codax" Conservatorio Superior de Música, 20.30h

Rita Marcotulli *Homenaxe a Pink Floyd*

Rita Marcotulli (Roma, 1959) é unha das principais figuras musicais en Italia; unha pianista e compositora que desde os anos setenta indaga nas posibilidades do jazz. Da música brasileira deixouse conducir irremediabilmente ao jazz nun escenario, o italiano, que a principios da década dos anos oitenta fervía de jazzeiros. O trompetista Enrico Rava era reclamado fóra do país e aparecían coa etiqueta de promesas nomes como o do contrabaixista Giovanni Tommaso, que a acompañaba nesta xira, ou o do trompetista Paolo Fresu, que participou na edición do Imaxina Sons de 2006, hoxe en día recoñecidos en toda Europa. Estabase a constituír unha xeración de músicos, da cal Rita Marcotulli foi un dos poucos nomes de muller no medio daquel viveiro que moito daría de si ao longo dos anos. O talento de Rita Marcotulli como compositora e a súa execución de piano espontánea e preciosista permaneceron semicultos durante anos poñéndose agora en primeira liña a través de proxectos como esta Homenaxe a Pink Floyd.

Xa nesos anos oitenta nos que en Italia bulía o jazz, Rita Marcotulli acompañaba, entre outros, a Chet Baker, Steve Grossman, Peter Erskine, Joe Henderson, Joe Lovano, Charlie Mariano, Tony Oxley, Michel Portal, Richard Galliano, Aldo Romano ou Kenny Wheeler. En 1986 inicia unha estadia que duraría ao redor de seis anos en Suecia, onde traballa. En 1987 a revista italiana Musica Jazz escóllea como mellor talento e un anos despois o grande batería Billy Cobham convidaa a participar nunha xira co seu grupo. De maneira paralela, continuando coa súa residencia en Suecia, traballa con Palle Danielsson, Anders Jormin e Nils Petter Molvaer. Á súa volta a Italia, comeza a desenvolver proxectos propios, con asociacións artísticas que serán importantes na súa traxectoria como a que establece coa cantante Maria Pia de Vito ou, posteriormente, cun dos solistas europeos máis interesantes do jazz, o saxofonista británico Andy Sheppard.

Precisamente con este músico e no álbum editado a dúo On the Edge of a Perfect Moment (Harmonia Mundi / Egea 2006) xa abordaba a pianista a Pink Floyd a través do tema US and Them, incluído no álbum de 1973 Dark Side of the Moon do grupo británico. A piques de sair editada agora está a visión de Marcotulli sobre este traballo, co título The Ligth Side of the Moon, un proxecto no que só co piano mergúllase na música de Pink Floyd como unha experiencia privada que, en virtude da súa mestría co instrumento, consegue contarlla á súa audiencia. Esa é a súa Homenaxe a Pink Floyd e a formación coa que se presenta nesta quinta edición do festival Imaxina Sons inclúe nomes tan relevantes do jazz italiano e europeo como o contrabaixo Giovanni Tommaso ou o seu habitual colaborador, o británico Andy Sheppard.

Rita Marcotulli ten traballado moito na relación entre a música e o cine. Colaborou con Michel Portal no disco Musiques de Cinemas Déjouées Avec Des Amis Jazzmen (Label Bleu 1995, reeditado en 2004) e editou un disco inspirado no cine de François Truffaut titulado The Woman Next Door (Label Bleu, 1997). Coa complicidade de Andy Sheppard, grava o disco Koine (Le Chant du Mond, 2002), un proxecto que expandía as composicións de Marcotulli cara a novos territorios, como o que lle descubriu o percusionista e cantante armenio Arto Tunçboyacıyan, que colaborou neste traballo que bebía da electrónica minimalista, da riqueza expresiva do norte de Europa e do folclore armenio. Nos últimos anos, Rita Marcotulli liderou un bo número de formacións jazzísticas, como trío, co contrabaixista sueco Palle Danielsson e co batería estadounidense Peter Erskine; ou como cuarteto, con Javier Girotto ao saxo, Gianluca Renzi no contrabaixo e Roberto Dani na batería.

Rita Marcotulli, piano
Andy Sheppard, saxos tenor e soprano
Matthew Garrison, baixo eléctrico

Nguyên Lê, guitarra
Pasquale Minieri, guitarra eléctrica, sintetizador
Michele Rabbia, percusión

Giovanni Tommaso, contrabaixo
Gennaro della Volpe "Raiz", voz

<http://www.myspace.com/ritamarcotulli>
www.andysheppard.co.uk

Sábado 27 de xuño

Auditorio "Martín Codax" Conservatorio Superior de Música, 20.30h

Jose txo Goia-Ar ibe *La Orquesta Jamalandruki*

Jamalandruki era o nome dun ilusionista nado nos anos trinta do século pasado en Pamplona e que levou os seus números de maxia por todas as vilas e cidades navarras. Os seus trucos quedaron no imaxinario de moitos daqueles cativos e cativas que puideron presenciar os seus espectáculos, entre eles o saxofonista Jose txo Goia-Ar ibe, quen rende homenaxe co seu último proxecto La Orquesta Jamalandruki a un home que malia a ter engaiolado o público durante décadas, morreu no anonimato. Coñecida é a paixón de Goia-Ar ibe por atopar referentes próximos para a súa música, unha indagación que abala do folk ao jazz e que con este seu sexto disco pretende seguir os camiños daquel ilusionista teimudo que regalaba momentos máxicos á súa audiencia.

Historias cotiás, anécdotas familiares, poemas e son tradicionais teñen inspirado a Jose txo Goia-Ar ibe na súa travesía polo jazz. O saxofonista e compositor, ademais de profesor de improvisación no Centro Superior de Música de Euskadi, aposta por unha música chea de enerxía, acostumado a moverse sen ningún complexo entre aqueles que etiquetan o seu traballo como novas músicas ou folk. Como el mesmo reconece, mantén sempre un espello retrovisor polo que non perde de vista a cultura tradicional e, de feito, lembra con agrado os seus tempos de rapaz gaiteiro polas romarías interpretando repertorios populares sen horarios e co único escenario da rúa. Cando percibiu as limitacións que tiña aquel instrumento para as ideas que bulían na súa cabeza, estudou saxo en San Sebastián e posteriormente pasou catro anos en París antes de voltar á súa terra. La Orquesta Jamalandruki é o seu sexto proxecto discográfico; antes gravou Auñamendi (Karonte, 1996), Eunáte (Karonte, 1998), Herrimiña (Karonte, 2000), Ilhargi-Min (Musikametak, 2003) e Los pendientes de la reina (Errabal, 2007).

Se hai algo que indubidablemente caracteriza a traxectoria de Jose txo Goia-Ar ibe é esa viaxe a través da paisaxe musical de seu utilizando como vehículo o estilo jazzístico. Por esa razón e pola súa teima en estirar toda esa bagaxe tradicional e próxima até chegar á transgresión, o seu traballo resulta, en palabras da crítica, persoal e identificable. Peculiar e asemade amable. Con formación de quinteto -catro ventos e percusión- e co proxecto La Orquesta Jamalandruki, o compositor navarro fainos unha proposta de jazz con ecos de charanga, de romaría, de infancia e, por suposto, de gozo. Un jazz que evoca bos momentos e que se constrúe con esa equipaxe común que todos levamos e que se chama imaxinación. Sen ela non existirían magos como Ricardo Rebolledo Zubirrain, de alcume Jamalandruki, capaces de permanecer na lembranza de cativos como Jose txo Goia-Ar ibe para inspiralo décadas despois nun disco cargado de sensibilidade e emoción.

Jose txo Goia-Ar ibe, saxo
David Herrington, trompeta
Marko Bellizi, trombón
Luis Orduña, tuba
Guillermo McGill, percusión

Máis info:
www.josetxogoia-aribe.com

Sábado 27 de xuño

Auditorio "Martín Codax" Conservatorio Superior de Música, 20.30h

Anouar Brahem - *Le Voyage de Sahar*

Con *Le Voyage de Sahar*, o músico Anouar Brahem (Túnez, 1957) consolida o singular trío que forman o seu oud -o laúde árabe-, o piano de François Couturier e o acordeón de Jean Louis Matinier. Esta viaxe musical polas paisaxes do Magreb pero tamén evocadora das da fría Europa supón unha continuación de *Le pas du chat noir* (ECM, 2002), disco concebido como proxecto para piano no que o trío Brahem / Couturier /Matinier decatouse do que daba de si a combinación instrumental. Minimalista e hipnótico como o anterior, *Le Voyage de Sahar* (ECM, 2006) amosa a querencia do tunecino pola improvisación e polo jazz e debuxa xa máis nitidamente ese novo son no que Anouar Brahem indaga con este formato de trío.

O músico tunecino ten sido ousado en moitas das súas formulacións; se ben agora as irmandades instrumentais que promove resultan do máis estimulante, xa tiña mérito previamente ao ter situado o oud como instrumento solista cando tradicionalmente tense utilizado de acompañamento. Anouar Brahem consolida a súa carreira musical na década dos noventa, revelándose unha sorpresa para a audiencia de jazz aínda que xa colleitara un importante éxito na súa terra natal. Algunhas críticas situábano a mediados dos anos noventa no cerne do jazz precisamente por ter ido máis alá del. Anouar Brahem nútrese de asociacións musicais inesperadas ou sorprendentes, tanto se nos referimos ao aspecto instrumentais como se estamos falando de músicos con diferentes horizontes. Para el ese feedback resulta lóxico: unha árbore medra ocupando cada vez máis espazo ao longo e ao ancho con novas pólas ao mesmo tempo que as súas raíces fortifican na terra.

A súa actividade discográfica é especialmente intensa nos noventa e vinculada á casa discográfica alemá ECM. Comeza os noventa publicando cun formato de trío Barzakh (ECM, 1991), en *Conte de l'incroyable amour* (ECM, 1992) convida a colaborar a dous músicos turcos expoñentes de dúas tradicións como a sufi e a dos ciganos de orixe romena. Dous anos despois grava co saxofonista noruegués Jan Garbarek o disco *Madar* (ECM, 1994) coa colaboración de Ustad Shaukat Hussain tocando a táboa, despois chega *Khomsa* (ECM, 1995) no que participan entre outros Richard Galliano ao acordeón e François Couturier ao piano, de novo en trío *Thimar* (ECM, 2000) con John Surman como clarinete baixo e saxo soprano, e Dave Holland no contrabaixo; e pecha a década con *Astrakan Café* (ECM, 2000) liderando de novo un trío. Participa no disco *Charmediterranéen* (ECM, 2002) da big band francesa *Orchestre National de Jazz* e ao ano seguinte publícase en Francia e Bélxica unha selección das súas melodías baixo o título *Vague*. Nos anos noventa tamén participou en bandas sonoras para o cine como as dos filmes *Asfour stah* de Férid Boughedir (1990) *Bezznes de Nouri Bouzid* (1992) *Samt el qusur de Moufida Tlatli* (1994). Apagado o conflito do Líbano en 2006 entre o exército israelí e Hezbolá, foi el mesmo quen se puxo detrás da cámara para dirixir o documental *Mots d'après la guerre* (Palabra xurdidada da guerra, 2007) protagonizado por artistas e intelectuais libaneses.

Como xa se mencionou, Anouar Brahem sempre se ten rodeado de músicos ben interesantes e prestixiosos dentro da escena jazzística, como os que o acompañan nestes dous últimos discos. François Couturier é un grande compositor e pianista integrado desde os anos oitenta na elite do jazz francés mentres que Jean Louis Matinier, está considerado un mestre do acordeón que participou na terceira edición de *Imaxina Sons* en 2007 xunto ao contrabaixista Renaud García Fons. A finais deste ano 2009 Anouar Brahem presentará a que será a edición discográfica dun novo proxecto, desta volta cun cuarteto

Anouar Brahem - oud
François Couturier - piano
Jean Louis Matinier - acordeón

<http://www.anouarbrahem.com/>

Domingo 28 de xuño
Auditorio "Martín Codax" Conservatorio Superior de Música, 19.30h

O.M.E.G.A. **Orquestra de Música Espontánea** **de Galicia dirixida por Fred Frith**

Podemos escoitar cuncos tibetanos, saxofóns, computadores, cazolas, contrabaixos, frutas do mundo, axóuxeres, guitarras eléctricas, maracas rechamantes ou violíns. Podemos ver como o conxunto de músicos se divide en dous formando dúas orquestras independentes. Ou -e iso chamará moito a nosa atención- como o director, nesta ocasión nada menos que Fred Frith (Heathfield, 1949), pide unha nota con peculiares sinais. A Orquestra de Música Espontánea de Galicia (O.m.e.g.a) non quere poñerllo fácil á audiencia, que asiste a un proceso de composición musical durante o cal os músicos transforman en son os xestos do director, convertendo cada sesión en única e afastándose de conceptos como disco ou, simplemente, repertorio. Porén, os ao redor de vinte músicos que participan do proxecto, procedentes de ámbitos musicais e artísticos diversos, pretenden que a audiencia sexa parte necesaria da experiencia O.m.e.ga. O inclasificable compositor e guitarrista británico Fred Frith únese ao movemento espontáneo galego.

Aínda que decote as sesións da O.m.e.g.a están conducidas por colaboradores habituais como o guitarrista Pablo Rega -ex Kozmic Muffin e membro da madreña orquestra de música libre FOCO-, ou a saxofonista Chefa Alonso -que actuou en solitario na terceira edición de Imaxina Sons en 2007- esta concepción de orquestra espontánea permite as incursións de diferentes directores para rexer a sesión. A figura do director está formulada como unha concesión á audiencia, un mediador necesario para que o público poida implicarse con maior facilidade na sesión. Se o director pide unha nota longa sen especificar cal, serán os músicos os que interpretan libremente a mensaxe. Fred Frith leva cuarenta anos buscando novas sonoridades e aceptando novos retos como dirixir a esta formación galega.

Patxi Valera e LAR Legido, baterías e creadores en 2002 do proxecto Aquofono, baseado nos ritmos da choiva e que derivou en actuacións, instalacións audiovisuais e obradoiros didácticos, actúan como coordinadores do proxecto O.m.e.g.a, moi ligado a dúas marcas: o Centro de Novas Tecnoloxías Pico Sacro e a Sala Nasa. O primeiro é un experimento creativo que reúne en Santiago de Compostela a músicos interesados pola improvisación e que serve de viveiro para novos proxectos. A segunda é a sala que na capital galega acolle as Sesións Vibracionais nas que participa periodicamente a O.m.e.g.a e boa parte dos seus colaboradores.

A heteroxeneidade da procedencia dos músicos habituais da orquestra explica en boa medida a súa filosofía. En O.m.e.g.a conviven músicos de jazz con outros que veñen do rock, do pop, da electrónica, etc, e, á súa vez, con xentes da danza ou da arte contemporánea. O free jazz e a psicodelia están na base sobre a que xorde a idea de orquestra. Non hai oposicións para obter unha praza nesta formación; os músicos van atopando un oco na medida na que participan das sesións que se veñen realizando desde hai dous anos. E o certo é que o núcleo xa está definido desde hai tempo. Os promotores da orquestra nunca agacharon que o seu obxectivo era darlle forma e estabilidade ao experimento para poder presentalo en eventos como a quinta edición do festival Imaxina Sons.

Elena Vázquez Ledo, violín
Xacobe Lamas, violín
Pablo Pérez, contrabaixo
Mauro Sanín, zanfona
Andrés Castro, sitar
David Santos, baixo eléctrico
MIG, guitarra eléctrica
Txabi Souto, guitarra eléctrica
Pablo Rega, guitarra eléctrica
Madammecell, piano
Quique Otero, teclados
Fernando Abreu, clarinete, clarinete baixo
Pablo Sax, saxo soprano, saxo tenor

Chefa Alonso, saxo soprano
Isaac Feliu, trombón
Xesús Valle, computadora
María Move, voz
POP, voz, obxectos sonoros
Carlos Castro, vibráfono, percusión
LAR Legido, batería
Patxi Valera, batería paraugas
Fred Frith, dirección

www.aquofono.com
www.myspace.com/omegalicia

Domingo 28 de xuño
Teatro-Sala de concertos do Centro Cultural Caixanova, 22h

Miroslav Vitous *Remembering Weather Report*

En Weather Report, grupo emblemático do que se chamou jazz eléctrico, confluíron a principios dos anos setenta nos Estados Unidos o contrabaixista checo Miroslav Vitous, o saxofonista Wayne Shorter e o teclista austríaco Joe Zawinul, quen ademais compuña para o grupo. Na formación orixinal participaban ademais o percusionista Airto Moreira e o batería Alphonse Mouzon. O grupo que se mantivo activo até mediados dos anos oitenta -o baixista Jaco Pastorius pasou a formar parte del en 1975- nacera influenciado polo traballo de Miles Davis en discos como Bitches Brew. Unhas das figuras representativas do jazz europeo, Miroslav Vitous (Praga, República Checa, 1947), rende tributo no proxecto Remembering Weather Report á unha experiencia colectiva da que el participou durante tres anos e que propuña cociñar o jazz con rock e con funk.

Durante anos o grupo Weather Report mantívose como un dos preferidos da crítica musical norteamericana; a revista Down Beat concedeuulle durante anos a distinción á mellor banda en directo e ao mellor pianista, para Joe Zawinul, falecido en 2007. Semella indudable a influencia dos experimentos sonoros de Weather Report, representantes do que se deu en chamar jazz eléctrico ou jazz rock, sobre grupos e solistas posteriores. A súa fusión de jazz, funk, rock e músicas étnicas deulle popularidade máis alá de audiencias e críticas especializadas. Foi o caso do tema Birdland, que obtivo un importante éxito comercial e que pertencía ao disco Heavy Weather (1977) no que o baixista Jaco Pastorius xa deixa notar a súa condición de membro de pleno dereito do grupo. Sen dúbida, cando deixou o grupo en 1982, Pastorius -morto aos trinta e seis anos- culminara un proceso de retroalimentación musical no que tanto Weather Report como el mesmo saíran gañando.

Todos os músicos que formaron parte do proxecto Weather Report recoñecen a transcendencia que supuxo na súa carreira. Se uns anos antes da súa morte, Zawinul adaptaba temas do grupo para big band, agora é outros dos seus fundadores quen trae de novo ao fronte o legado de Weather Report. Miroslav Vitous estudou desde ben pequeno violín, piano e contrabaixo, no Conservatorio de Música de Praga, o mesmo establecemento -berce de moitos músicos ilustres- que o compositor Antonin Dvorák dirixiu entre 1901 e 1904. Aos vinte anos cruza o Atlántico para estudar no Berklee College of Music (Boston, EUA) e un ano despois xa está coñecendo o ambiente jazzístico da cidade de Nova York. Para o seu primeiro disco como líder, Infinite Search (Embryo, 1970) contou co saxofonista Joe Henderson, o pianista Herbie Hancock, John McLaughlin na guitarra e Jack DeJohnette na batería, o cal da idea da confianza que inspiraba o talento do xove checo entre os grandes. Colaborou con músicos como Stan Getz ou Herbie Mann e formou nos primeiros oitenta un trío histórico con Chick Corea e Roy Haynes. O compositor e intérprete checo xa coñece Vigo e o festival Imaxina Sons xa que participou na súa primeira edición en 2005. Fíxoo cun cuarteto no que tamén estaban o batería Gerald Cleaver e o saxo Gary Campbell, pero daquela acompañábaos ao piano Ramberto Ciammarughi. Hoxe en día o prestixio de Miroslav Vitous vai parello ao seu carácter de instrumentista de culto converténdoo nunha das referencias do jazz europeo; por esa razón contar de novo con el na quinta edición dun festival comprometido co jazz continental é unha boísima nova.

Miroslav Vitous, contrabaixo
Franco Ambrosetti, trompeta
Gary Campbell, saxo
Gerad Cleaver, batería

Máis info:
<http://miroslavvitous.com/>

Luns 29 de xuño
Salón de actos do MARCO, 21.30 h

Fred Frith & Lucia Recio

Por momentos perturbadora e por momentos delirante, Lucia Recio defínese como cantante improvisadora e vocalista. De orixe andaluza, o seu traballo desenvólvese en Francia onde emigrou a súa familia e onde naceu, marcado pola experimentación e pola procura dun folclore contemporáneo. Pola súa parte o británico Fred Frith leva corenta anos na vangarda musical como compositor e multiinstrumentista, recoñecido fundamentalmente pola guitarra e con proxectos de música improvisada que se achegan ao rock e ás novas músicas. Dramática, intensa, ruidosa e, tamén, un chisco aditiva. Así é a proposta do dúo de Lucia Recio e Fred Frith no quinto festival Imaxina Sons.

O encontro entre estes dous improvisadores estaba de suceder nalgún momento. Hai xa perto dunha década que o grupo Janvier 32, ao que pertence Lucia Recio, convidou a Fred Frith a participar na gravación do seu primeiro disco titulado como o grupo e editado pola francesa Association a la Recherche d'un Folklore Imaginaire (ARFI) en 2000. Este colectivo, con selo discográfico propio, agrupa a artistas e proxectos híbridos coa improvisación como base fundamental. Todos eles, coas súas ideas experimentais e lúdicas, debuxan no seo da ARFI un mapa do folclore imaxinario e constitúen unha interesante experiencia no ámbito do jazz en Europa. Boa parte do traballo de Lucía Recio está vinculado a esta asociación, tomando parte doutros proxectos, ademais do xa citado Janvier 32, como Torero Loco con Pierre Philibert á tuba e Alain Rellay ao saxofón nun achegamento singular ao flamenco e o Dúo Recio/García, que comparte co belga Xavier García -tamén parte de Janvier 32-, quen integra o jazz nos seus samplers e sintetizadores. O xeito de cantar de Lucia Recio é a expresión das angustias a das alegrías da vida; agora doce, despois abrupta, esta artista ten explorado coa súa voz vivencias persoais como a dor e a nostalgia da familia que vive fóra do seu país e que soña con volver. Lucía Recio aprendeu o español en Francia escoitándoo falar na casa e a través das coplas, así que aínda educándose en francés, o idioma no que comezou a cantar foi o español. Desde hai dez anos canta en francés con Janvier 32.

Tivemos a oportunidade de achegarnos á personalidade musical de Fred Frith en constante procura de novas sonoridades a través do documental Step Across the Border (Nicolas Humbert, Werner Penzel, 1990), -proxectado na pasada edición do festival- que en 2000 foi escollido polos críticos da revista Cahiers du Cinema como un dos cen mellores filmes da historia. O documental retrata a este músico inclasificable, que deixou Europa a finais dos anos setenta despois dunha década como parte de Henry Cow, grupo vangardista onde ademais da guitarra tocaba o violín, o baixo, o piano e o xilófono. Coa chegada a Nova York, Frith intégrase na escena local do downtown con outros inclasificables como John Zorn ou Tom Cora. A discografía de Frith é inabarcable, xa que aparece nos créditos de máis de catrocentos discos sexa como solista, en banda ou en colaboración. Despois de dirixir a Orquestra de Música Espontánea de Galicia nesta edición de Imaxina Sons, Frith únese á Lucía Recio nunha experiencia artística chea de xogo e de indagación, de poesía e de ruído.

Lucía Recio, voz
Fred Frith, guitarra

www.myspace.com/luciarecio
www.arfi.org
www.fredfrith.com

Martes 30 de xuño
Salón de actos do MARCO, 21.30h

Agustí Fernández

Cunha abraiante traxectoria xa, o pianista Agustí Fernández (Palma de Mallorca, 1954) é o nome de referencia na música de vangarda española. Se o recoñecemento internacional dun músico se mide na cantidade e calidade de artistas que o reclaman desde diferentes partes do mundo, Agustí Fernández está no alto. Presente en relevantes eventos jazzísticos e admirado por este público, Fernández nunca se considerou un músico de jazz en sentido estrito. En terra de ninguén construíu unha sólida carreira na que a experimentación funciona como motor. Os seus son proxectos de libre improvisación nos que, coma nunha conversa, un vai enfiando os temas sen guión previo, procurando o vocabulario axeitado, tirando proveito dos silencios e deténdose naqueles aspectos que lle interesa subliñar.

Agustí Fernández é profesional da música desde os trece anos e sempre sinala na orixe da súa carreira a influencia de Cecil Taylor e Iannis Xenakis, con quen estudou en 1978. A súa andaina como solista arranca na II Bienal de Xóvenes Artistas Creadores de Tesalónica (Grecia) en 1987 e o seu primeiro disco *Ardent* (Blau, 1987) apunta o camiño da libre improvisación que nunca abandonou. Como pianista solista editou ademais os seguintes discos: *La Porta* (PE, 1990), *Piano Solo* (PE, 1991), *1 is not 1* (Nova Era, 1998), *Territorios y Serendipias* (IBA, 2001), *Para Teresa* (Sirulita, 2002) e *Camallera* (G3G/Sirulita, 2004). Como líder gravou *Nofres* (PDI, 1988) con sexteto, *Aura* (Taller, 1991) coa Big Ensemble do Taller de Músics de Barcelona, e *Lonely Woman* (Taller/Sirulita, 2004) co cuarteto, un traballo inspirado en Ornette Coleman que presentou na primeira edición de Imaxina Sons. A súa discografía abrangue outros moitos traballos en dúo, trio e outras formacións, como o que gravou en 2003 co Evan Parker Electro-Acoustic Ensemble, formación á que pertence desde 2002, titulado *Memory/Vision* e que o converteu no primeiro músico español en editar coa prestixiosa casa alemá ECM. En 2006 editouse *Aurora* (Maya), un disco moi persoal xunto a Barry Guy e Ramón López no que o pianista imaxinaba un novo folclore español e xunto ao batería Jo Krause acaba de publicar o disco *Draco* (Anacrusí, 2009).

Ademais do seu traballo en solitario, o mallorquín mantén varios proxectos estables: o cuarteto, un dúo coa frautista norteamericana Jane Rigler e, desde hai máis de dez anos, o Trío Local con Joan Saura e Liba Villavecchia. As inquedanzas artísticas conducírono a colaborar con músicos como o cantaor Miguel Poveda ou co bailarín Andrés Corchero co que leva creando espectáculos conxuntamente desde 1998. Desde hai sete anos é membro da Barry Guy New Orchestra, que participou na pasada edición de Imaxina Sons. O seu labor difundido e promovendo o jazz levou-no a dirixir a Big Ensemble do Taller de Músics barcelonés, e a fundar e participar da Orquestra do Caos, formación nacida en 1991 como unha extensión da big ensemble mencionada. Tamén participou na fundación do IBA (Colectivo de Improvisadores de Barcelona) do que foi director até o ano 1991e desde hai nove anos comisario del ciclo Noites de Música da Fundació Joan Miró en Barcelona. Convencido de que a música contemporánea con todas as súas posibles texturas debe ter un espazo normalizado na sociedade, Agustí Fernández é ademais profesor de improvisación na Escola Superior de Música de Cataluña desde 2001, sendo o primeiro titular desta materia nun centro oficial español.

Agustí Fernández, piano

Máis info:
www.agustifernandez.com

Mércores 1 de xullo
Salón de actos do MARCO, 21.30h

Marc Ducret

Comezou tocar porque o facían outros nenos e por ter algún acompañamento cando cantaba. Nin de lonxe pensaba Marc Ducret (París, 1957) adicarse á música profesionalmente, porén estando na universidade ofrecéronlle facer unha substitución nunha banda de rhythm & blues coa que estivo de xira durante un ano. De volta a casa, xa non tiña outra cousa na cabeza máis que tocar a guitarra. Hoxe é un dos máis reputados guitarristas europeos con proxectos a ambos lados do Atlántico.

Marc Ducret considérase un músico ecléctico que sitúa moitas das súas músicas favoritas nos anos sesenta e na música popular. Entre as súas constantes referencias, a música dos Beatles pola súa capacidade de inventiva, pero tamén os vellos discos de Hendrix, Aretha Franklin, Al Green ou Joni Mitchell. A música que cumpre a súa función é boa música, di, non importa se é simple ou complexa. Fundamentalmente guitarrista eléctrico, Ducret ten indagado noutros instrumentos de corda como a guitarra acústica, o baixo ou o oud -o laúde da cultura árabe-. Nos seus primeiros anos como guitarrista profesional colaborou con grupos de folk, proxectos de danza e diversos cantantes. En 1986 entra a formar parte da Orquestra Nacional de Jazz de Francia coa que participa en máis de oitenta concertos e un ano máis tarde recibe o premio Django Reinhardt seguido do galardón da revista Jazz Hot ao mellor guitarrista en 1988. É o momento de formar o seu propio trío e facer o debut discográfico: será *La Théorie du Pilier* (Label Bleu, 1988).

Nos noventa comeza a colaborar co saxofonista Tim Berne nas formacións Big Satan e Science Fiction, co que ten gravado máis de dez discos e co que actúa regularmente nos Estados Unidos. En 1997 pon en marcha unha estrutura estable e vixente a día de hoxe que é o trío formado co baixo Bruno Chevillon, da xeración de Ducret e considerado un dos mellores músicos de jazz de Francia, e o baterista Eric Echampard, representante da nova xeración de jazz galo. Para Ducret, é o seu laboratorio de ideas e con eles editou *L'Ombra di Verdi* (Screwgun, 1999) e dous directos en 2004 e 2006 respectivamente. En 2003 edita un dos seus proxectos máis ambiciosos *Qui parle?* (Sketch Records) no que ademais de Chevillon e Echampard, contou con dez músicos máis, tres actores e unha cantante. O jazz é só unha parte dun proxecto no que a música vai mutando con formas que viaxan da música popular á clásica contemporánea con retallos de country e rock.

En 2009 editase o disco en directo *Le Sens de la Marche* (Illusions, 2009) do Marc Ducret Grand Ensemble, orquestra sobre a que empezou a traballar hai tres anos composta polo trío e oito xoves músicos. Con esta formación, Ducret despreza un traballo de composición e orquestración que amplía as posibilidades á hora de crear ambientes sonoros diferentes. Na quinta edición de *Imagina Sons* Marc Ducret, que colaborou ao longo da súa carreira con músicos como Larry Schneider, David Friedmann, Michel Portal, Didier Lockwood, Eric Barret, Miroslav Vitous, Enrico Rava, Django Bates ou Michel Godard, preséntase en solitario, un formato que lle apaixoa e que resulta fundamental nos seus últimos quince anos de carreira. Un guitarrista nada convencional que non procura público nos seus concertos xa que di que ese é o concepto que se manexa para vender, senón oíntes. Aqueles que van escoitar, o acto esencial da música.

Marc Ducret,
guitarra eléctrica e acústica de 6+12 cordas

www.marcdCRET.com

Xoves 2 de xullo
Teatro Salesianos, 21h

CMS. Colina-Miralta-Sambeat

A sabedoría musical de cada un deles daría xa para un tratado. A suma de traxectorias e experiencias dos tres converte a súa unión nun dos feitos máis reseñables do jazz peninsular nos últimos tempos. A crítica non escatima eloxios: trátaos de allstars, de ases e de magos do jazz. Vellos coñecidos, Javier Colina, contrabaixo, Marc Miralta, batería, e Perico Sambeat, saxofonista, coincidiran xa hai dez anos na gravación do disco New York Flamenco Reunion, un proxecto liderado por Miralta que fusionaba jazz, flamenco e ritmos latinos alternando versións con composicións propias. A revista Cuadernos de Jazz considerouno en 2000 o mellor disco de jazz español.

Sete anos despois os tres amigos voltan reunirse cun proxecto discográfico (CMS Trío, Contrabaix, 2007), esta vez sen compañía doutros, para amosar a súa mestría técnica e artística, que non vai en detrimento da complicidade co público e do bo humor enriba do escenario. Preséntano no festival de Terrasa cun repertorio que inclúe temas propios como Hugo, asinado polos tres, ou Pringators e Sábanas negras, de Sambeat, pero tamén se nutre de referencias a John Coltrane -mesturado cun joropo venezolano-, Thelonius Monk -cunha pingas do bolero Verdad amarga-, Kurt Weill ou The Beatles. En marzo de 2009 voltan a Terrasa para realizar unha gravación en directo da que xurdirá Live in Terrasa e acaban de gravar o que será o segundo disco de estudio que levará como título Andando. Entremedias, participación en festivais de Bos Aires, Montevideo, Francfort, París, Londres e cheo durante unha semana no Café Central de Madrid o pasado mes de xaneiro. En resumo, a engranaxe da máquina funciona e as tres pezas da mesma aseguran xa falar cunha mesma voz.

O saxofonista Perico Sambeat (Valencia, 1962) formouse musicalmente entre a súa terra natal e os Estados Unidos, aínda que o contacto co saxo comezou de maneira autodidacta de neno. Na New School de Nova York toca con mestres como Lee Konitz, Jimmy Cobb e Joe Chambers. Ten recibido numerosos premios e colaborado nunha morea de gravacións xunto a músicos como Bernardo Sasseti, Bob Sands, Chano Domínguez e Llibert Fortuny, entre outros. Recentemente gravou o disco Flamenco Big Band (Verve, 2008), no que tamén intervén Colina, e polo que acaba de recibir o premio Enderrock ao mellor disco de jazz do ano.

Javier Colina (Pamplona, 1960) iniciouse no contrabaixo de maneira autodidacta e hoxe en día é un dos mellores contrabaixistas de Europa. Da súa valía como músico dan idea os nomes aos que ten acompañado, tanto no ámbito jazzístico, como George Cables, John Hicks, Loui Bellson, Jimmy Owens e Tete Montoliu, entre outros, como no flamenco, con Carmen Linares, Enrique Morente e Tomatito, ou na escena cubana con Compay Segundo, Chucho Valdés, Bebo Valdés - participou no disco Lágrimas negras (BMG, 2003) xunto ao pianista e no disco Live at the Village Vanguard (gravado en directo en 2005 e editado por BMG en 2007), nominado aos Grammys Latinos- e con Pancho Amat, mestre do tres -unha derivación da guitarra orixinal da zona máis oriental de Cuba- no traballo Si te contara (Contrabaix, 2006).

Marc Miralta (Barcelona, 1966) comezou coa batería aos sete anos e tivo tempo para estudar percusión clásica e aprender a tocar as táboas hindues. Pasou polo Berklee College of Music de Boston e actuou con artistas como Pat Metheny, Paquito D´Rivera, Gary Barton e Tete Montoliu, entre outros.

Javier Colina, contrabaixo
Marc Miralta, batería
Perico Sambeat, saxofonista

Máis info:
<http://www.myspace.com/cmstrio>
<http://www.contrabaix.com/cmstrio>
www.pericossambeat.com
www.javiercolina.com
www.marcmiralta.com

Xoves 2 de xullo
Praza do Rei, 23h

Napoleon Murphy Brock - Low Budget Research Kitchen Projecto Zappa

Parabéns aos seguidores de Frank Zappa. Saxo, voz e, por suposto, o seu sentido do humor e os seus bailes característicos, distinguiron a Napoleon Murphy Brock desde o momento que se incorporou á banda do xenial músico estadounidense a principios dos anos setenta. Sen dúbida, o saxofonista e cantante será un dos pratos fortes desta quinta edición do Festival Imaxina Sons de Vigo. Non só testemuña, senón protagonista dos momentos máis brillantes da traxectoria de Zappa, Napoleon Murphy Brock comparece en Vigo acompañado de Low Budget Research Kitchen. En 2006 fórmase no Porto (Portugal) este colectivo con oito instrumentistas e cunha única motivación: tocar a música de Frank Zappa. Desde aquela levan actuado en numerosos espazos e eventos en Portugal e agora preséntanse na quinta edición do Festival Imaxina Sons nunha actuación de luxo que ten como convidado a Napoleon Murphy Brock.

Frank Zappa (Baltimore, EUA, 1940-Os Ánxeles, EUA, 1993) procuraba aos mellores, a aqueles que podían resistir o seu frenético ritmo á hora de compoñer e interpretar. A Napoleón Murphy Brock descubriuno en Hawaii cando tocaba nun club coa banda de soul Gregarious Movement e converteuno para que se integrara no seu equipo. Era o ano 1973 e Napoleon Murphy pasaba pouco despois a formar parte das últimas aliñacións do grupo The Mothers of Invention participando en discos tan sinalados como o directo *Roxy & Elsewhere* (DiscReet Records, 1974) ou *One Size Fits All* (DiscReet Records, 1975), último disco que Zappa grava co nome desa formación á que chegara a principios dos anos sesenta. Zappa procuraba en Napoleón Murphy Brock non só un saxofonista, senón tamén un cantante e frontman. Acadouno e converteuno nunha figura fundamental no seu proxecto até finais dos setenta, cando o saxofonista e cantante emprende novos proxectos como a colaboración co grande teclista George Duke -tamén integrante das últimas mothers-. En 1984 Zappa chámalo para xirar e Napoleon Murphy volta a aparecer nos créditos de discos como *Them or Us* (Barking Pumpkin, 1984), *Thing-Fish* (Rykodisc, 1984), e nos seis volumes que saíron entre 1988 e 1992 baixo o título *You Can't Do That on Stage Anymore* co selo Rykodisc.

Músicos e admiradores manteñen vivo o legado de Zappa en todo o mundo; o seu fillo Dweezil Zappa, tamén guitarrista, montou en 2006 o espectáculo *Zappa plays Zappa* que tiña como convidados a algúns músicos que colaboraran co seu pai como os guitarristas Ray White e Steve Bai, o batería Terry Bozzio ou o propio Napoleon Murphy Brock. En Europa celébrase na súa memoria o Zappanale, festival anual en Bad Döberan, no norte de Alemaña, onde fixo o seu debut internacional Low Budget Research Kitchen o pasado ano e que seguirá utilizando o nome e a imaxe de Zappa na súa vixésima edición en 2009 tras perder a viúva do músico o xuízo contra os organizadores do evento. A capacidade que posúe a música de Zappa para captar gustos e sensibilidades do jazz, da clásica e do rock é un potencial a desenvolver para formacións como Low Budget Research Kitchen que parten da premisa de que o compositor e guitarrista estadounidense non pode ser un descoñecido para as novas xeracións. O octeto portugués asume o reto de recrear un compositor que experimentaba e, sendo autodidacta, revelábase como un sorprendente orquestrador. En Portugal o proxecto de Low Budget Research Kitchen tense feito un oco nos eventos musicais máis relevantes, sendo boa parte dos seus supporters afeizoados ao jazz. O Imaxina Sons acólleo na súa primeira incursión galega, nin máis nin menos que con Napoleon Murphy Brock, cómplice da xenialidade de Zappa durante case vinte anos.

Napoleon Murphy Brock, saxo e voz
Pete diMosso, saxo soprano, saxo tenor, frauta
Guido Soprano, saxo alto, saxo barítono, clarinete baixo
Kubilai Khan, guitarra
Dexter Greenberg, guitarra
Johnny Edgar Zim, teclados

Lou Serdozza, teclados
Frankie Figueroa, baixo eléctrico
Tony Carbone, batería

www.napoleonmbrock.com
www.myspace.com/zappalowbudgetresearchkitchen

Venres 3 de xullo
Teatro Salesianos, 21h

Andreas Willers - *Montauk*

Andreas Willers (Berlín, Alemaña, 1957) está considerado un dos mellores guitarristas do jazz actual. Influído polo blues, pola improvisación e polas novas músicas, Willers explora tamén as posibilidades do campo electrónico e das músicas étnicas. A súa versatilidade como intérprete conduce a guitarra con mestría no máis amplo espectro estilístico. O seu rexistro como intérprete abala entre o son bizarro -como nas súa recreacións de Jimmi Hendrix- e o vangardismo que impregnan traballos como *Montauk* (edición discográfica en *Between the lines*, 2005), que presenta nesta quinta edición de *Imaxina Sons*. Como compositor, cada proxecto parte dunha idea ou concepto; no caso de *Montauk*, dunha obra literaria de Max Frisch.

Montauk é o título dunha novela do gran escritor suízo Max Frisch (1911-1991), publicada en 1975, e está considerada unha das grandes obras da literatura alemana. Non é a primeira vez que o guitarrista xermano procura inspiración na literatura para compoñer; de feito iniciou esta liña conceptual co disco *Tin Drum Stories* (*Between the Lines*, 2000) tendo como punto de partida a famosa obra do Premio Nobel alemán Günter Grass *Die Blechtrommel* (O tambor de folla de lata), publicada en 1959. En ambas novelas, os dous autores reflicten as súas propias vivencias; se Grass facíao a través do periplo dun neno coa II Guerra Mundial de transfondo, Frisch faino cun sesaxenario europeo que repasa a súa biografía desde Norteamérica. Con *Montauk*, o guitarrista Andreas Willers vai creando de maneira análoga á novela unha imaxe musical, non co ánimo de contar a historia de novo senón máis ben de explicala nunha peza artística independente. Willers, que neste traballo recupera efectos de guitarra propios dos anos sesenta e algúns trazos de música étnica, especialmente canto toca o banxo, reserva un papel especial no proxecto para o violín de Dominique Pifárely, que xa visitou como solista o Festival *Imaxina Sons* na súa segunda edición de 2006. Ambos son os piares sobre os que se asenta o compacto resultado sonoro de *Montauk*, un proxecto con amplitude de miras no que a escritura de Willers axústase perfectamente á interpretación dos seus compañeiros de formación.

Andreas Willers estudou guitarra e composición nos Ánxeles, Hamburgo e na localidade canadense de Banff. O seu álbum de debut como solista, *Hier & Als Auch* foi publicado en 1981 co selo FMP. Andreas Willers gravou máis de trinta e cinco discos como líder, sideman ou colaborando con outros artistas. Algúns reseñables son *The Private Ear* (Sound Aspects Records, 1990) en formato trío e co saxofonista francés Louis Sclavis, *Experience* (Nabel Record, 1995), no que con outros colaboradores interpretaba a Jimmi Hendrix, *Blue Collar* (JazzHausMusik, 1997), *In the North* (*Between the lines*, 2003) e *The Ground Music* (Enja Records, 2007) cun octeto do que tamén formou parte Pifárely. Hai dous anos emprende o proxecto experimental *Grid Mesh*, con edición discográfica de Farai Records, acompañado de Frank Paul Schubert no saxo e Rudi Fischerlehner na batería. Recentemente acaba de publicar dous traballos como solista *Drowning Migrant* (Leo Records, 2009) e *Orange Years* (Jazzwerkstatt, 2009).

Andreas Willers, guitarra
Dominique Pifárely, violín
Alain Grange, cello
Rudi Fischerlehner, percusións

www.andreaswillers.de
www.myspace.com/andreaswillers

Venres 3 de xullo
Praza do Rei, 23h.

Pepe Evangelista - *Teima*

O guitarrista Pepe Evangelista rexistra con Teima (Audia Records, 2007) un proxecto que supón un punto de inflexión na súa experiencia na escritura de jazz. Unha síntese de inqedanzas e propósitos. Xunto a Roberto Somoza, saxo tenor, Kin García, contrabaixo, e Miguel Cabana, batería, presenta un proxecto que destaca pola súa equilibrada estrutura e polo acabado instrumental que os tres achegan ás composicións de Evangelista. O propio guitarrista reconece que, sen perder o seu sentido da melodía, afastouse do rigor clasicista a favor dunha composición e interpretación que nalgún momento achégase ao free jazz. Catro dos profesionais do jazz máis prolíficos dos últimos anos en Galicia defenden a súa ensablaxe nesta quinta edición do Festival Imaxina Sons.

O cuarteto contou para a edición discográfica de Teima coa participación de Belén Xestal, como voz en dúas adaptacións de poemas de Rosalía Castro, Maio Longo e Sin niño, e Alberto Conde, piano en Xenreira. Pepe Evangelista é unha desas figuras imprescindibles para entender o auxe do jazz no país e concretamente nunha cidade como A Coruña. Actualmente é o responsable do departamento de jazz no Conservatorio Superior de Música desa cidade. Alí estudou el desde neno e alí estivo durante anos como docente pelexando para acadar a especialidade de jazz; tamén neste centro fundou unha big band en 1992 coa que chegou a acompañar ao saxofonista George Coleman. Desde novo, alternando coa docencia e outras actividades relacionadas co jazz, desenvolveu unha sólida traxectoria de concertista en grupos de cámara e en solitario. Con Teima, o guitarrista e compositor amosa con confianza a experiencia dun músico de longo percorrido e contribúe a sumar nunha realidade na que Evangelista acredita, o jazz galego.

Reúnense neste proxecto xunto a el tres das figuras máis dinámicas e relevantes do jazz no país con moitos puntos en común. Roberto Somoza ten actuado desde moi novo na escena jazzística, nun primeiro momento na cidade da Coruña na que actualmente é profesor de saxofón no Grao Superior de Jazz do conservatorio. O saxofonista ten colaborado con músicos diversos e editado dous discos como líder Regra de Tres (Xingra, 2004) e Tempos de Cambio (Xingra, 2006). Kin García estudou nos conservatorios de Santiago de Compostela e A Coruña e axiña comezou a colaborar con músicos como Alberto Conde e Xesús Pimentel, primeiro, e Nani García e Fernando Llorca, despois. Son máis que reseñables as súas relacións co mundo do folk e tamén imparte clase, no seu caso de baixo eléctrico, no Conservatorio da Coruña. O batería Miguel Cabana, coñecedor xa como os seus compañeiros do festival Imaxina Sons en anteriores edicións, é un reputado batería que colabora decote con músicos como Alberto Conde e Carmen Rey.

Pepe Evangelista, guitarra
Kin García, contrabaixo
Miguel Cabana, batería
Roberto Somoza, saxo

Máis info e audio:
<http://www.pepeevangelista.es/>

Venres 3 de xullo
Praza do Rei, 23h.

Santiago de la Muela Jazz Orchestra

Desde hai catro anos o guitarrista Santiago de la Muela (Arrecife de Lanzarote, As Palmas de Gran Canaria, 1960) centra o seu traballo na composición para orquestra de jazz. Desde 2006 lidera unha big band; os xermolos estiveron vinculados ao Berlín Jazz Café de Madrid coa Talento Jazz Orquesta que, con algúns cambios de músicos, derivou na Santiago de la Muela Jazz Orchestra que, ademais de posuír o mérito de sobrevivir e actuar con regularidade nun contorno pouco propicio para ese tipo de formacións, editou dous discos. Os dous no mesmo ano, 2008, e un consecuencia doutro. Por unha parte Líneas paralelas, un disco moi persoal, tanto no aspecto compositivo como na propia embalaxe do disco, e Sabor a Big Band, unha gravación en directo de clásicos realizada inmediatamente despois e que o compositor e guitarrista concebiu como un regalo para o afeizoado. Santiago de la Muela participa nesta quinta edición de Imaxina Sons, un festival que se inaugura o 16 de xuño de 2005 co concerto de dous guitarristas: un era Chema Saiz e o outro, el mesmo. De novo a oportunidade de gozar dun músico que, sendo xa un mestre do seu instrumento, é quen de compoñer para calquera formación e, ademais, dirixila co influxo do swing.

En Santiago de la Muela podemos atopar moitas das características dos mellores músicos de jazz e, por suposto, todas as cualidades necesarias que precisa un profesional deste estilo no contexto español. Ademais da mestría coa guitarra e da habilidade compositiva, Santiago de la Muela posúe a teimosía e a paixón precisa para embarcarse en proxectos cobizosos, sexa formar unha big band, transmitir coñecementos aos novos músicos ou representar os intereses dos profesionais do jazz -presidiu a asociación de Madrid e participou noutras plataformas de apoio ao jazz-. O canario coñece ben cales son as tarefas dun músico todoterreo dentro dun contexto como o jazzístico: compoñer, arranxar, interpretar, pero tamén xestionar, promocionar e vender. A creación e mantemento dunha big band supón unha noticia tan extraordinaria como excepcional xa que os problemas lóxicos e económicos que carrega non son poucos; se ademais se trata dunha orquestra dirixida con acerto, cun equilibrado repertorio en directo de orixinais -con temas como Samba para Pepita, adicada á nai do guitarrista, ou Fin de trayecto, adicado a un familiar republicano do guitarrista morto na guerra do 36, ambos incluídos no disco Líneas Paralelas- e standards, unha sólida sección rítmica, co contrabaixista Christian Pérez, o baterista Carlos "Sir Charles" González e unha das poucas mulleres solistas de jazz en España, a pianista Marta Sánchez, ademais dun colectivo de músicos novos que poñen ao día o espírito das big bands de sempre, non é de estrañar a boa acollida que tivo no circuito.

Veciño de Madrid desde que era neno, Santiago de la Muela formouse en clásica no conservatorio, un primeiro paso na aprendizaxe do jazz que o conduciría ao Berklee College of Music (Boston, EUA). A súa adicación profesional ao jazz foi polifacética e intensa. Ademais dos dous discos mencionados, editados o pasado ano, o guitarrista e compositor publicou como líder Blues para Tete (I. Reilly, 1997) -unha homenaxe a Tete Montoliu con trío-, Carmen's favorites (I. Reilly, 1997), en solitario, Lo que nos gusta es esto (2001, S. Jazz Records), no que incluía pezas en solitario, dúo, trío, quinteto e sexteto ademais de xa apuntar o seu interese pola composición para big band; Horas privadas (2002, Estudios Infinity) co sexteto, e Tres no es multitud (2004, Satchmo Jazz), gravación en directo con "Sir Charles" González e Dan Wall no hammond Ao longo da súa carreira ten realizado xiras como líder de formacións propias polos Estados Unidos e Europa. Ten compartido escenario en concertos e xiras co pianista neiorquino Chris Perry, Los Heath Brothers, Larry Coryell, Lou Donaldson, o saxofonista canadense Kirk Mc Donald e a vocalista sueca Sophie Dunér, ademais de colaborar con figuras como Ben Sidran, Pedro Iturralde ou Perico Sambeat, entre outras. Na 25ª edición do Festival de Jazz de Madrid, celebrada en outubro e novembro de 2008, a orquestra de Santiago de la Muela tivo como convidado sobre o escenario ao guitarrista Martin Taylor.

Santiago de la Muela, guitarra, arranxos, composición e dirección

Christian Pérez, contrabaixo

Carlos "Sir Charles" González, batería

Marta Sánchez, piano

Juan Ramón Callejas, saxo alto, saxo soprano

Juan Luis Ramirez, saxo alto, clarinete

Ramiro Obedman, saxo tenor, frauta

Alejandro Pérez, saxo tenor, clarinete baixo

Rafael Serrano, saxo barítono, frauta

Cheryl Walters, trombón

Luis Zenner, trombón

Antonio Tercero, trombón

Iker Aierbe, trombón baixo

Jonathan Badichi, trompeta, fliscorno

Raul Gil, trompeta, fliscorno

Carlos Rossi, trompeta, fliscorno

Antonio García, trompeta, fliscorno

Máis info:

www.santiagodelamuela.com

<http://www.myspace.com/santiagodelamuela>

Sábado 4 de xullo
Teatro Salesianos, 21h

Lucas Niggli - *Big Zoom*

O percusionista Lucas Niggli (Camerún, 1968) acaba de sumar ao trío formado con Nils Wogram e Philipp Schaufelberger, de lónxeva e frutífera traxectoria, as incorporacións de Anne La Berge e Barry Guy para formar o novo quinteto Big Zoom. A formación comezou rodar por escenarios escollidos a finais do pasado ano e o festival Imaxina Sons é un dos espazos seleccionados para gozar dunha reunión, sen dúbida, de alto nivel jazzístico. A proposta de Lucas Niggli, que abrangue do power rock ao free jazz pasando por estadios variados cun maxistral encaixe de escritura e improvisación, amosa como funciona unha estrutura de traballo xa consolidada -a que forma o trío-cando se amplían as miras do encadre e intégranse novos recursos. De trío a quinteto. Ou o que é o mesmo, de Zoom a Big Zoom.

O dinamismo e as inquiredanzas musicais conduciron a Niggli, que vive en Suíza desde neno, a concebir diferentes proxectos e formacións nos últimos anos. A mediados dos noventa funda a banda Steamboat Switzerland con Dominik Blum e Marino Pliakas cos que leva dado máis de cento cincuenta concertos e gravado catro cds. O Zoom Trio é un proxecto vivo, creado en 1999 con Wogram e Schaufelberger, cuxo primeiro disco foi Spawn of Speed (Intakt Records, 2001) e co que ten participado en todas as grandes citas jazzísticas de Europa e de Canadá. En 2008 fixeron unha xira pola India. O trío exténdese a quinteto por vez primeira pouco despois con Claudio Puntin e Peter Herbert como convidados. Desde 2006 Niggli tamén é parte do cuarteto de percusión Beat Bag Bohemia -metade suízo, metade africano-como compositor e intérprete. Os proxectos sucédense e recentemente publicou un cd coa artista chinesa residente en Alemaña Xu Fengxia e de participar como convidado especial na gravación do último disco de Fred Frith e ARTE QUARTET, cuarteto de saxofóns, titulado The Big Picture (Intakt Records, 2009).

Lucas Niggli comparece ante o público do festival vigués cunha formación brillante. Como compañeiros habituais, o guitarrista Philipp Schaufelberger e o trombonista Nils Wogram, que xa participou na primeira edición de Imaxina Sons co cuarteto Root 70 -os integrantes naceran na década dos setenta-, que soou como unha pequena e eficaz orquestra grazas en boa parte aos recursos deste músico alemán. Até aí teríamos o Zoom. Para acadar o Big Zoom conta ademais co innovador contrabaixista Barry Guy, -quen participou por partida dobre da cuarta edición de Imaxina Sons, coa súa propia orquestra e en solitario-, e coa excepcional frautista estadounidense, aínda que asentada en Amsterdam, Anne La Berge, quen racha con calquera preconcepción sobre o seu instrumento tras anos de exploración musical.

*Lucas Niggli, percusión
Anne La Berge, frauta
Nils Wogram, trombón
Philipp Schaufelberger, guitarra
Barry Guy, contrabaixo*

*Máis info:
<http://www.lucasniggli.ch>*

Sábado 4 de xullo
Praza do Rei, 23h

Carlos López - *Last Minute*

Carlos López (A Coruña, 1979), un dos nomes propios da última fornada de jazzistas galegos, acaba de editar o seu segundo disco como líder baixo o título de *Last Minute* (K industria). O estilo de López, recoñecido especialmente polo seu cuarteto, abrangue desde o jazz tradicional e o hard bop ata os sons característicos do selo alemán ECM, aínda que tamén inclúen no seu repertorio estándares con arranxos persoais do baterista, quen reivindica o jazz de autor á hora de definir o seu proxecto. O festival Imaxina Sons non é un evento estraño para el; participou na edición de 2006 co seu propio cuarteto e como batería, xunto a Fernando Llorca, da Imaxina Sons Orquestra. Agora na quinta edición sobe ao escenario cos músicos que participaron na gravación de *Last Minute*, entre eles os cantantes londinenses Radhika e MC Stormy.

Carlos López comezou estudando música na súa cidade natal e completou a súa formación en Barcelona e Nova York antes de chegar a Boston ao Berklee College of Music. Á volta a Galicia traía xa a idea de montar unha formación jazzística con algúns dos músicos que coñecera en Boston. Nun primeiro momento formouse un quinteto no que estaba arroupado polo guitarrista Yul Ballesteros, polo trompeta Voro García, polo pianista Óscar da Graça e por Xacobe Martínez no baixo. A primeira toma de contacto coa audiencia galega foi boa e o batería decidiu continuar os seus proxectos aquí. Carlos López ten manifestado o seu convencemento da existencia dun público galego de jazz interesado e maduro. En 2006 o quinteto tórnase cuarteto con Kin García no contrabaixo e gravan en Vigo o seu primeiro disco CLQ (*Free Code*, 2006) co saxofonista Roberto Somoza tocando en dous temas, que presentan en directo por varios escenarios do país. O premio de compositores de jazz de Autor de Galicia que outorga a SGAE recae ese mesmo ano en Carlos López pola partitura da súa peza *Océano*. En 2007 proba co formato de sexteto engadindo á súa formación a trompeta do catalán Raynald Colom e o vibráfono do valenciano Arturo Serra.

Na formación de cuarteto de Carlos López continúan integrados os dous colegas do Berklee College que creron e consolidaron o proxecto do batería galego: por unha banda, Voro García (Valencia, 1978), que foi membro do grupo de fun-jazz Funx liderado por Perico Sambeat e, por outro lado, Oscar da Graça (Aveiro, Portugal, 1980). Apenas chegan aos trinta anos de idade, pero o batería Carlos López pode gabarse de ter tocado con Gilberto Gil, Benny Green, Bob Mover, Raynald Colom, Bred Wilmore, Abe Rábade, Arturo Serra, Roberto Somoza, Alberto Conde, Baldo Martínez, Marcelino Galán, Manolo Gutiérrez e Pablo Seoane. Actualmente é batería, ademais, no Jacobo de Miguel Cuarteto e no colectivo de world music de Barcelona 08001. Desde hai catro anos coordina as jam sessions do Jazz Filloa Club da Coruña revitalizando desde este espazo a escena jazzística local.

Radhika, voz
Mónica González, voz
MC Stormy, voz
Raimundo Morte, VJ
Voro García, trompeta e FX
Enrique Oliver, saxo tenor
Pablo Castaño, saxo alto
Oscar da Graça, piano e teclados
Quim Ramos, guitarra
Paco Dicenta, baixo
Carlos López, batería e programacións

www.carloslopez.info

Sábado 4 de xullo
Praza do Rei, 23h

Omar Sosa - *Afreecanos*

Con dezasete discos baixo o brazo - e o décimo oitavo a piques de saír-, o recoñecemento de crítica e público e nome habitual nos máis relevantes festivais, Omar Sosa (Camagüei, Cuba, 1965) é un referente mundial do denominado latin jazz. Trascendendo as etiquetas, a traxectoria deste pianista cubano entronca cos mellores representantes dun jazz que aúna de maneira explosiva as tradicións africana e americana. Sen medo á fusión, Sosa ten amosado nos seus proxectos a frescura do seu concepto de música, de como el entende o jazz. Ao seu entender, máis que música, o jazz é unha filosofía de vida que ofrece a posibilidade de mesturar conceptos e xéneros converténdose nun grande espazo de liberdade.

Un traballo sobre África como lugar de orixe da música xestado na multicultural Barcelona do século vinteun. Así é *Afreecanos* -un xogo de palabras entre África e free, ceibe en inglés-, o proxecto do pianista Omar Sosa editado en 2008 (OTA/Harmonia Mundi). Quien no tiene de Congo, tiene de caribalí, din en Cuba. Ou o que é o mesmo, todo procede da nai África. Sen ese legado, Omar Sosa non sería o artista que é, segundo el mesmo recoñece. Como forma de procesar esa tradición tan rica e ancestral, Sosa abraza o jazz nun traballo que debuxa a parte feminina de África. Sobre o escenario, Omar Sosa conta co baixista mozambicano Childo Tomás, compañeiro habitual do cubano nos últimos anos como parte da súa formación de trío; con Mola Sylla, cantante e instrumentalista senegalés, e Marcos Ilukán, percusionista cubano habitual do circuito latino en Europa.

Omar Sosa rematou os seus estudos musicais en Cuba no ano 1983 e comezou a traballar con dous cantantes pop da illa, Vicente Feliu e Xiomara Laugart, exercendo de director musical nas súas xiras e gravacións. Nos anos noventa traballou en Ecuador, España e os Estados Unidos. No primeiro país descubriu o folclore de orixe africana e gravou o disco *Bembon* (TA Records, 2000). En San Francisco incorporouse con moito éxito á escena local do latin jazz emprendendo desde alí a súa carreira discográfica en solitario. Entre a súa xa extensa discografía destacan os discos *Omar Omar* (OTA Records, 1997), *Free Roots* (OTA Records, 1997), *Spirit of the Roots* (OTA Records, 1999), *Prietos* (OTA Records, 2001), *Sentir* (OTA Records, 2002), *A New Life* (OTA Records, 2003), *Mulatos* (OTA Records, 2004), *Live a FIP* (OTA records, 2006) e *Promise* (OTA Records, 2007). Nos últimos anos o traballo musical de Omar Sosa foi recoñecido non só por unha audiencia sempre en aumento, senón tamén polas publicacións especializadas e polos propios compañeiros artistas. En 2004 e 2006 estivo nominado para os premios da británica BBC Radio 3 na categoría "Américas", en 2005 a Asociación de Xornalistas de Nova York nominouno tamén ao mellor álbum de latin jazz por *Mulatos* e un ano despois, co mesmo álbum, tamén foi finalista nos Grammy na categoría Mellor Álbum Latin Jazz.

Guiado por Thelonius Monk, ao que nunca puido ver en directo pero do que se sente discípulo pola grande influencia que exerceu nel até na súa vida privada, Omar Sosa emprendeu un periplo musical exitoso no que a inspiración chega dos ancestros. E hai que esperala. Os proxectos escapan ao control e chegan cando teñen que chegar, di o músico cubano que reside desde hai tres anos en Barcelona. Ataviado con colares que representan a diferentes orishas, o pianista Omar Sosa racha neste proxecto con dous estereotipos: que os ritmos africanos se reducen a un tambor e que nun festival de jazz non se pode bailar.

Omar Sosa, piano e fender rhodes
José Julio "Childo" Tomás, baixo e kalimba
Mola Sylla, voz e percusión de man
Marcos Ilukán, percusión

www.omarsosa.com
www.myspace.com/sosafunke

Domingo 5 de xullo
Teatro Salesianos, 19.30h

Abe Rábade - *Open Doors*

Na vida debemos deixar as portas abertas para que acontecementos e sentires entren e saian; de pouco vale intentar illarnos de aquilo que está fóra. Polo menos iso pensa Abe Rábade (Santiago de Compostela, 1977) e de aí o título *Open Doors* (Nuba+Karonte Records, 2008), un chamado a que alegrías, decepcións e misterios non queden de porta fóra. Cunha audiencia afeita a gozar do Abe Rábade Trío, formato que el considera motor do seu traballo, o músico de jazz concebiu con este proxecto unha peza única con oito partes diferenciadas enlazadas por interludios interpretados por un solista diferente. Un proxecto cheo de lirismo e inquedanzas persoais no que o piano de Rábade, sen chegar a imperar, actúa como o fio condutor necesario.

Sete, un número a cabalo entre un grupo de cámara e unha *big band*: un número que permite unha grande calidade solista, tanto á hora de interpretar como á de compoñer, permitindo desenvolvementos máis abertos, pero sen perder o goberno da nave. Aínda que a priori semelle un punto contradictorio, o pianista e compositor compostelán facturou un traballo íntimo cun formato de certa complexidade como é un septeto. A cantidade e calidade dos músicos non abundou no artificio; Rábade considera este un proxecto persoal, un exercicio de sinceridade, no que adica temas á súa cidade (*Campo da Estrela*), á súa irmá, a poeta María do Cebreiro (*Cebreiro*) ou a unha catástrofe colectiva (*Prestige*) ao mesmo tempo que a única composición allea é unha homenaxe a un dos seus compositores favoritos, Joe Henderson, co tema *Inner Urge*. O batería Bruno Pedroso e o contrabaixo Pablo Martín, presentes no formato trío, acompañano tamén neste proxecto xunto a Chris Kase, trompeta, o valenciano Jesús Santandreu como saxo tenor. Ambos xa participaron no primeiro volume de *Ghu! Project* xunto ao compostelán en formato de quinteto. Agora no segundo traballo deste proxecto, *Open Doors*, engádense até contar sete Vicente Macián no saxo alto e Toni Belenguer no trombón.

Nome imprescindible no jazz peninsular, Abe Rábade participou nos últimos anos en diversidade de proxectos coa vontade manifesta de rachar etiquetas. Tiña catro anos cando empezou estudar música e aos dezasete anos foise aos Estados Unidos, onde se licencia *cum laude en Jazz Composition e Piano Performance* polo *Berklee College of Music* en Boston. Desde 2000 reside en Santiago de Compostela, e sen dúbida, o arranque da súa traxectoria profesional recibe un importante apoio un ano despois cando acada co seu trío e o traballo *Babel de Sons* (Xingra, 2001) o segundo premio no festival de Getxo e ademais recibe o premio Tete Montoliu ao mellor pianista revelación en España, outorgado pola SGAE. Actualmente compaxina a composición e a interpretación co seu labor docente e co-director no Seminario de Jazz de Pontevedra, xunto a Paco Charlín. Ademais dos seus proxectos jazzísticos, ten colaborado coas cantantes Guadi Galego e Ugia Pedreira no disco *Nordestin@s* (Falcatruada, 2006) e con Guadi Galego de novo e o poeta Anxo Angueira no disco *Rosalía 21* (Falcatruada, 2008), revisitación da obra e da figura da escritora Rosalía de Castro. Nos últimos meses tamén se embarcou no proxecto *Jazzia*, xunto ao mago Kike Pastur. Tras o piano, o seu instrumento co que exerce mestría, continúa teimando na batería e iniciándose no saxo tenor porque, segundo di el mesmo, non pode deixar de sentir curiosidade e, xa que como docente debe dar exemplo, aprender resulta obrigado.

Abe Rábade: piano e composición
Chris Kase: trompeta e fliscorno
Vicente Macián: saxo alto
Jesús Santandreu: saxo tenor
Toni Belenguer: trombón
Pablo Martín: contrabaixo
Bruno Pedroso: batería

Máis info:
www.aberabade.com
www.myspace.com/aberabade

Domingo 5 de xullo
Concerto de clausura
Teatro-Sala de concertos do Centro Cultural Caixanova, 22h

Vienna Art Orchestra - *Third Dream*

Máis de trinta anos avalan a traxectoria da Vienna Art Orchestra, fundada por Mathias Rüegg (Zurich, 1952) no ano 1977 que, co formato clásico por excelencia no ámbito do jazz, a big band, foi un revulsivo para o estilo jazzístico europeo. A historia da VAO, como é coñecida, está marcada dalgún xeito pola reinvención constante da man do seu fundador e director e, en boa parte, por non prescindir nunca do elemento espectacular. Tras a resaca da celebración do seu trinta aniversario en 2007, a VAO chega á 5º edición do Festival Imaxina Sons de Vigo cun novo proxecto: *Third Dream*. Cunha formación renovada que combina músicos de jazz e de clásica, pon sobre o escenario a fórmula do seu éxito: unha extraordinaria técnica, un minucioso labor nos arranxos, un concepto dramático apoiado por elementos visuais e un sentido do humor que conecta de xeito doado á orquestra cos diferentes públicos.

De haber estipulado o canon das big bands nestes tempos, a Vienna Art Orchestra formaría parte del. De feito, o seu primeiro disco, *Concerto Piccolo*, gravado en 1980 en directo dentro do Festival de Jazz de Zurich suscitou tanto entusiasmo que a crítica falou dun novo xeito de facer jazz en Europa desde Viena, a cidade de Mozart. Uns anos máis tarde, en 1984, cando a VAO xa se converte nun referente a ter en conta en todos os eventos internacionais de jazz, a revista norteamericana *Down Beat*, unha das cabeceiras que marca o canon no mundo jazzístico noméaa a mellor big band. A receita de Rüegg basease no respecto ás tradicións americana e europea, sen recorrer aos estándares, cun forte vínculo cos movementos de vangarda e unha visión posmoderna. Dos primeiros anos de andaina, son representativas as gravacións *From no Time to Rag Time* (Hat Hut, 1983) e *The Minimalism of Erik Satie* (Hat Hut, 1984). En 1992 culmina o primeiro proceso de renovación da VAO redimensionando a orquestra, conformando unha nova xeración de músicos no seu seo e poñendo en marcha proxectos como *Fe & Males* (Universal Music, 1992) e *La Belle et la Bête*.

A finais dos noventa, perfílase xa unha formación na que o seu director adícase máis aos arranxos que á composición e cuxos proxectos pasan por programas monotemáticos como *European Songbook* (BMG, 1995), *Nine Immortal (non)evergreens for Eric Dolphy* (Universal Music, 1997), *Ballads* (Universal Music, 1997), *American Rhapsody* (BMG, 1998), *Duke Ellington's Sound of Love* (TCB, 1999) e *All that Strauss* (TCB, 2000). No ano 1998 estreáase o filme *An Echo from Europe: Vienna Art Orchestra on Tour*, de Othmar Schmiderer, unha road movie que segue as peripecias da big band durante dous meses e máis de cincuenta concertos. Posteriormente xorde *Big Band Poesie* (Universal Music, 2004), con composicións de Rüegg e en 2007 presenta tres programas conceptuais para conmemorar o seu trinta aniversario: *American Dreams* -unha homenaxe musical a trece divas do cine-, *European Visionaries* -inspirado por aqueles homes que contribuíron ao progreso social desde a vella Europa como Kant, Descartes ou Stephen Hawking- e *Visionaries & Dreams* -no que se atopaban as divas do primeiro proxecto como Marilyn Monroe ou Lauren Bacall cos xenios do segundo-.

O ano 2009 e o proxecto *Third Dream* supoñen unha nova etapa para os integrantes da big band. O fundador da VAO considera que un proxecto coma este non debe esgotar as súas posibilidades, polo que xustifica os procesos de renovación emprendidos, practicamente un por década de existencia da orquestra. Para Mathias Rüegg a chave esta en dar encaixado a músicos de tan alto nivel nas diferentes seccións da orquestra; técnica individual ao servizo da experiencia colectiva big band. O equilibrio, di o seu fundador, resulta necesario, especialmente na sección de metais cunha perfecta relación entre graves, medios e agudos. Cando todo está organizado, o proceso creativo e a dose de tolemia necesaria que caracteriza o traballo da VAO flúe con facilidade, segundo o seu fundador, o mesmo que chegou a Viena en 1976 como pianista free lance e un ano despois levantou un proxecto, a VAO, que chega a 2009 con nova enerxía e coa consigna de fuxir do aburrimiento co jazz como espectáculo.

Sección rítmica:

Ernst Weissensteiner, contrabaixo
Flip Philipp, vibrafóno, percusión

Johanna Gröbner, piano
Ingrid Oberkanins, percusión,

Corda:

Joanna Lewis, violín
Ivana Pristasova, violín
Andrew Jeseck, viola
Michael Williams, violonchelo

Ventos:

Clemes Böhm, fagot
Matthias Kronsteiner, clarinete
Vasile Marian, oboe
Thomas Frey, frauta

Metales:

Aneel Somary, trompeta
Thomas Fischer, corno francés
Dominik Stöger, trombón

Solistas:

Jurai Bartos, trompeta
Harry Sokal, saxo
Nico Gori, clarinete
Corin Curschellas, voz
Director: Mathias Rüegg

Máis info:
www.vao.at



**Tenencia
de Alcaldía**
Concello de Vigo



**Concellería
de Cultura
e Animación
Sociocultural**
Concello de Vigo

www.caixanova.es

902 504 500

venta de localidades



caixanova



www.imaxinasons.com

T: +34 986 810 260